

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Tomiño para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Tomiño

1. Antecedentes

O 17.02.2001 o Concello de Tomiño, ao abeiro do disposto no Decreto 84/1997, do 10 de abril de colaboración técnico financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas Entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de auga, solicitou a Augas de Galicia a financiación e execución da obra "Colectores xerais e EDAR de Tomiño", comprometéndose a asumir a explotación, conservación e mantemento das obras unha vez rematadas e postas a disposición por Augas de Galicia.

Rematada a execución das obras e postas estas a disposición do concello de Tomiño non chegou a asumir as súas obrigas en canto á súa explotación, conservación e mantemento, sendo a Administración hidráulica de Galicia a que veu prestando o servizo de depuración dende o mesmo remate da súa execución.

En atención ao anterior, o 18.07.2005 Augas de Galicia, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 31.03.2005, formalizou o contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Tomiño. Tomiño (Pontevedra); por un prazo de 15 anos prorrogables.



O 05.11.2019 a entidade local solicitou a Augas de Galicia que continuase a xestionar e explotar as instalacións da estación depuradora de augas residuais de Tomiño e, en consecuencia, a prestación do servizo de depuración de augas residuais de competencia municipal, máis alá do prazo previsto no contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Tomiño (Pontevedra).

O 07.08.2020 formalizouse a prórroga ao dito contrato, dende o 10.8.2020 ata o 9.8.2022. O 28.3.2022 a Dirección de Augas de Galicia autorizou o inicio do procedemento para prorrogar de novo o citado contrato de xestión de servizo público en réxime concesional ata o 30.5.2024.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións nas que a entidade pública empresarial Augas de Galicia continuará a asumir a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais de Tomiño de titularidade do Concello de Tomiño.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A evacuación e tratamento de augas residuais é unha competencia propia municipal, establecida no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia como de competencia municipal nos



seus artigos 5 e 27, dentro do reparto de competencias que efectúa entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia infraestruturas hidráulicas.

De acordo co artigo 24.2 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados. Neste sentido, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito da colaboración e cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Vinculación co contrato público para a xestión e explotación da EDAR

Este convenio non ten asociadas obrigas de contido económico para Augas de Galicia, xa que a súa plena eficacia -así como a das súas posible prórrogas- está directamente vinculada á vixencia da nova contratación pública do Servizo de explotación, conservación e mantemento da estación depuradora de augas residuais de Tomiño (OH.336.626.XSP).



O custo estimado para a explotación da estación depuradora de Tomiño é de 20.058,69 € mensuais. Para o financiamento desta cantidade Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6299 "Outros servizos exteriores" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia no marco de expediente da prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Tomiño.

Ao ser o prazo de vixencia do convenio coincidente co prazo da prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Tomiño, a subscripción do convenio non supón obrigas de contido económico para Augas de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)

